


2018

MAIOS

IES de Mugardos



Os Maios son unha festa
de tradición moi antiga.
Celébrase no mes das Letras
con flores e con cantigas.

Están agora de moda
Influencers e youtubers.
Maiores e xente nova
non perdamos os costumes.

Estamos na primavera,
a máis fermosa estación;
atopárala nas leiras
e tamén no teu interior.

As follas veñen e van,
voando no ar con destreza
non sabes se voltarán;
gocemos da natureza!

Moito se fixo esperar
a primavera este ano.
Pero ao fin imos suar
e coa alerxia gastar panos.

Alegres días de maio,
tempo solleiro e feliz
se non che sae un callo
no teu alérxico nariz.

Os de primeiro da ESO,
temos trece primaveras.
Aprendices de poetas
escribimos sen chuletas.

2018

MAIOS

IES de Mugardos



Os Maios son unha festa
de tradición moi antiga.
Celébrase no mes das Letras
con flores e con cantigas.

Están agora de moda
Influencers e youtubers.
Maiores e xente nova
non perdamos os costumes.

Estamos na primavera,
a máis fermosa estación;
atopárala nas leiras
e tamén no teu interior.

As follas veñen e van,
voando no ar con destreza
non sabes se voltarán;
gocemos da natureza!

Moito se fixo esperar
a primavera este ano.
Pero ao fin imos suar
e coa alerxia gastar panos.

Alegres días de maio,
tempo solleiro e feliz
se non che sae un callo
no teu alérxico nariz.

Os de primeiro da ESO,
temos trece primaveras.
Aprendices de poetas
escribimos sen chuletas.

Déronnos ordenadores
para facer os deberes.
Somos moi traballadores,
non nos quiten o xoguete.

Moitas máquinas e robots
quíttannos o protagonismo.
O que reclamamos os mozos
é podermos ser nós mesmos.

Se hai algún acosador,
nenos, con nós non te metas
pra sentirte superior
aínda che falta cabeza.

Ás veces os profesores
son pelmas e moi pesados.
Con tres clases temos dores
ata quedar derreados.

Primeiro as matemáticas
problemas de toma e daga;
e logo Inglés de prácticas
para meter un chico a pata.

Aínda este martes pasado.
O profe de bioloxía
levounos con el á ría
e pescamos un resfriado

Hoxe baixamos cantando,
polas rúas de Mugardos.
Cos bos amigos bailando,
da festa quedamos fartos.

A miña amiga e o seu mozo
viven con moita paixón,
están moi empalagosos
todos cheos de chupóns.

O outro día no *Land Rober*
xuntáronse dúas parellas:
unha delas, pai e fillo
e a outra de dúas doncelas.

O Barça, campión de liga
e tamén a copa ghañou.
A Iniesta a despedida
déronlle con emoción.

O noso Dépor descendeu
coa cabeza moi alta.
O Málaga con nós veu
pero coa moral máis baixa.

Na rampiña do peirao
as vacacións pasaremos.
na Bestarruza este *vrao*
a presumir de moreno.

*Déano-lo maio, señores cabaleiros
se non teñen maio, déanos diñeiro.
E víche-lo maio, e víchelo ben,
agora xa se foi ata o ano que vén.*

Alumnado 1.º ESO

Déronnos ordenadores
para facer os deberes.
Somos moi traballadores,
non nos quiten o xoguete.

Moitas máquinas e robots
quíttannos o protagonismo.
O que reclamamos os mozos
é podermos ser nós mesmos.

Se hai algún acosador,
nenos, con nós non te metas
pra sentirte superior
aínda che falta cabeza.

Ás veces os profesores
son pelmas e moi pesados.
Con tres clases temos dores
ata quedar derreados.

Primeiro as matemáticas
problemas de toma e daga;
e logo Inglés de prácticas
para meter un chico a pata.

Aínda este martes pasado.
O profe de bioloxía
levounos con el á ría
e pescamos un resfriado

Hoxe baixamos cantando,
polas rúas de Mugardos.
Cos bos amigos bailando,
da festa quedamos fartos.

A miña amiga e o seu mozo
viven con moita paixón,
están moi empalagosos
todos cheos de chupóns.

O outro día no *Land Rober*
xuntáronse dúas parellas:
unha delas, pai e fillo
e a outra de dúas doncelas.

O Barça, campión de liga
e tamén a copa ghañou.
A Iniesta a despedida
déronlle con emoción.

O noso Dépor descendeu
coa cabeza moi alta.
O Málaga con nós veu
pero coa moral máis baixa.

Na rampiña do peirao
as vacacións pasaremos.
na Bestarruza este *vrao*
a presumir de moreno.

*Déano-lo maio, señores cabaleiros
se non teñen maio, déanos diñeiro.
E víche-lo maio, e víchelo ben,
agora xa se foi ata o ano que vén.*

Alumnado 1.º ESO